



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría  
Rúa Maestranza, s/n  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 167 000  
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 27 de xullo de 2022 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Organización de Empresas a Nuria Begoña Calvo Babío.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 23 de maio de 2022 (BOE do 2 de xuño de 2022), para a provisión da praza número 22/002 de Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Organización de Empresas, departamento de Empresa desta universidade, a favor de Nuria Begoña Calvo Babío, con DNI núm. \*\*\*1364\*\* e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Nuria Begoña Calvo Babío, Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Organización de Empresas, departamento de Empresa desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 27 de xullo de 2022

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
PPdlwl3CM9ow+0r/Y7Qhbg==	Asinado	27/07/2022 09:20:58
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	
Observacións	Páxina	1/1
Uri De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/PPdlwl3CM9ow+0r/Y7Qhbg==">https://sede.udc.gal/services/validation/PPdlwl3CM9ow+0r/Y7Qhbg==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

